dixitalización da provincia de Lugo) no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea - *Next Generation EU*", financiado con fondo da Unión Europea Next GenerationEU do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Lote 1. Subministro e instalación dos novos equipos informáticos da oficina de asistencia en materia de rexistros.
Lote 2. Subministro e instalación das *tablets* e o *software* para recoller a firma biométrica.
Lote 3. Subministro e instalación dos escáneres de mesa e o *software* OCR.
Lote 4. Subministro e instalación dos postos intelixentes para os concellos resilientes.

**3º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**4º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de tramitación de urxencia e suxeita a regulación harmonizada, será de 20 días naturais, a contar desde o seguinte á data de envío ao DOUE, de acordo co previsto ao efecto nos artigos 119.2(letra b 2º) e 156.3 (letra b) da LCSP, en relación co sinalado no artigo 50.1 (letras a e e) do Real Decreto Lei 36/2020.

**5º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 1.083.338,84 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 227.501,16 €, o que fai un total de 1.310.840,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.


| | IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Fecha y Hora | 15/02/2024 12:58:31 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Página | 12/25 |

| LOTES | IMPORTES CON IVE |
|---|---|
| Lote 1. Subministro e instalación dos novos equipos informáticos da oficina de asistencia en materia de rexistros. | 265.432,00 € |
| Lote 2. Subministro e instalación das *tablets* e o *software* para recoller a firma biométrica. | 92.882,00 € |
| Lote 3. Subministro e instalación dos escáneres de mesa e o *software* OCR. | 152.832,00 € |
| Lote 4. Subministro e instalación dos postos intelixentes para os concellos resilientes. | 799.694,00 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: FRIOL-OUTEIRO DE REI-BEGONTE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 "Cinturón comarcal" P.K. 49+935 a 57+150.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: FRIOL-OUTEIRO DE REI-BEGONTE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 "Cinturón comarcal" P.K. 49+935 a 57+150, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WYGZYADWP7HE44PYMG73AMI, e aclaración con CSV: IV7WZT2JH7VZJC4P7UGCANSSIA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WYWJIH4W3WTX7AIQCKYDEKM.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WYWJJDLU37354SI4VJZKXMQ.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WYGIZFFP7L3WP2ZV4OJ3GIU.
6. Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, con CSV: IV7WYIPZNA4KJWEZTUWNOEKR4U.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7W22AIMEZOL3W2UBNFAA7E4Q.

8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7W22AJ3DZK5TPZU77DGVZCEI.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: FRIOL-OUTEIRO DE REI-BEGONTE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 "Cinturón comarcal" P.K. 49+935 a 57+150, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 876.359,79 €, dos cales 152.095,50 € corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-1702 "Feira do Monte (LU-P-6501) – Pino – Fontefría (LU-541)", P.K. 0+000 a 1+365.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-1702 "Feira do Monte (LU-P-6501) – Pino – Fontefría (LU-541)", P.K. 0+000 a 1+365, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7WY3JMHQP32X7OSVPTAQJ7CU.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WYGZ3FFF2X5FD4UNUMYZ7ME.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WYWJOJYFI4SGKSEUEARTOEM.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WYWJCZQF5XPV22EGBJYIWFY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WY3X2YA56KW5TBUNXAUCCG4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WYPZYMHVJZZFL45AU6YACAM.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7WYPYNDUHI3LGISYAQJZAXMI.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: COSPEITO.- Rehabilitación de firme LU-P-1702 "Feira do Monte (LU-P-6501) – Pino – Fontefría (LU-541)", P.K. 0+000 a 1+365, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordó cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 112.706,30 €, dos cales 19.560,60 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-2913 “Coeses (LU-P-2913) – Terlama”, P.K. 4+320 a 8+259.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-2913 “Coeses (LU-P-2913) – Terlama”, P.K. 4+320 a 8+259, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada , con CSV: IV7WY3IIPPW3LLRP4MXBKF3UCE.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WYGZYJZ4I5RM2477AEMS7AQ.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7WYWJDBJ44QXX3YEPGK73FO4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7WYWJ2N5WJZ7M5AIIW67YUMQ.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WY3XZHA4M33EI6Y4WMNS6ME.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7WYPZYHNZTJGVD6L7XGL3QK4.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7WYPYM3ZOYX7W67VOSCL3FKQ.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO-GUNTÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-2913 “Coeses (LU-P-2913) – Terlama”, P.K. 4+320 a


| | IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Fecha y Hora | 15/02/2024 12:58:31 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Página | 16/25 |

8+259, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 240.816,63 €, dos cales 41.794,62 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN AUTONÓMICA E LOCAL POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN FINAL DA AXUDA CONCEDIDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O PROXECTO “GENÉRATE TU EMPLEO EN EL RURAL”, DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (AXUDAS EMP-POEJ), AO AMPARO DO REAL DECRETO 1234/2018, DO 5 DE OUTUBRO DE 2018.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que no Boletín Oficial do Estado de data 6 de outubro de 2018 dáse publicidade ao Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro de 2018 do Ministerio da Política Territorial e Función Pública no que se establecen as bases para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo ( axudas EMP – POEJ).


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Fecha y Hora | 15/02/2024 12:58:31 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Página | 17/25 |

Que con data 11 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno desta entidade aproba a concorrencia de 4 solicitudes- proxectos, entre os que se atopa o proxecto 8.2.4.2 Contratación, co nome de "Gente joven en el rural".

Que con data 26 de abril de 2019, a Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, resolve a concesión directa das subvencións a entidades locais para a financiación dos proxectos solicitados pola deputación, incluido o proxecto 8.2.4.2 Contratación, co nome de "Gente joven en el rural".

Que esta medida persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

Que con data 13 de decembro de 2022, preséntase ante a Subdirección Xeral de Cooperación Local por parte da Deputación de Lugo a solicitude de liquidación da subvención concedida para o proxecto 8.2.4.2 Contratación, co nome de "Gente joven en el rural", pola cantidade de 35.988,39 €.

Que con data 24 de xaneiro de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, resolve aprobar a liquidación final da axuda concedida á Deputación Provincial de Lugo para o proxecto "Gente joven en el rural", dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo (Axudas EMP-POEJ), admitindo un custe elixible de 35.988,39 €, do que o 91,89 % e custe subvencionable, outorgando un Importe final de axuda do custe elixible validado igual a 33.069,73 €.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, proponse á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a aceptación a resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local pola que se aproba a liquidación final da axuda concedida á Deputación Provincial de Lugo para o proxecto "Gente joven en el rural", dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo (Axudas EMP-POEJ), por un Importe final da subvención igual a 33.069,73 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DA ENTREGA DE FONDOS POR PARTE DE ENTIDADE COLABORADORA ACRUGA NA XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS.**

Dáse conta do informe relativo á xustificación por parte da entidade colaboradora ACRUGA da entrega dos fondos aos beneficiarios das subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2022que sinala o seguinte:

"*Antecedentes de feito.*

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo resolveu, o 24 de maio de 2019, entre outros:
(...).
4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).
O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:
Ano 2019: 200.000,00€,
Ano 2020: 200.000,00€,
Ano 2021: 200.000,00€,
Ano 2022: 200.000,00€.
5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade,


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Fecha y Hora | 15/02/2024 12:58:31 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Página | 19/25 |

quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado "Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade "Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses", eixo 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de lugo, a fin de que acruga adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.
(...).

Segundo.- O 7 de xuño de 2019 asinouse o convenio entre a Deputación de Lugo e a Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) citado no apartado anterior.
Unha vez revisado o expediente de concesión das axudas tramitado pola entidade colaboradora (ACRUGA) e remitido á Deputación de Lugo, a Xunta de Goberno acordou, o 10 de novembro de 2023, aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA, ditar resolución de concesión das subvencións, e autorizar á entidade colaboradora para o pago das mesmas aos beneficiarios.
Entregados os fondos aos beneficiarios por parte da entidade colaboradora, esta, en cumprimento do establecido na cláusula oitava do convenio antes mencionado, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 4 de decembro de 2023, a conta xustificativa final (RE nº: 2023RT018470), engadindo documentación complementaria os días 5, 20 e 21 do mesmo mes (RE nº: 2023RT018558, 2023RT019098 e 2023RT019124).

Terceiro.- Revisado o expediente de xustificación, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade informouse favorablemente, o 27 de decembro de 2023, a acreditación, por parte da entidade colaboradora, da entrega dos fondos aos beneficiarios das subvencións.
Así mesmo, dende a Unidade de Intervención informouse favorablemente a dita conta xustificativa, a través de informe de fiscalización limitada previa do 27 de decembro de 2023.

Finalmente, a Presidencia aprobou, o 28 de decembro de 2023, a xustificación acreditativa da entrega dos fondos, por parte de ACRUGA, aos beneficiarios das subvencións, por importe total de 199.996,28 € e o aboamento a aquela da cantidade de 99.998,13 €, resultante de minorar o importe total xustificado das subvencións da anualidade 2022 (199.996,28 €) na contía do anticipo recibido (99.998,15 €).

A estes antecedentes sonlle de aplicación os seguintes,

*Fundamentos de dereito.*

I. Consonte á Base 24ª.1, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2012:
As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse por:
A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).
A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
A Ordenanza Xeral de Subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e INLUDES (publicada no BOP nº 53, do 7 de marzo de 2005).
A súa modificación publicada no BOP nº 160, do 13 de xullo de 2006.
A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
Non obstante o anterior, a Base 24ª das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019 será de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria e será o marco para as bases de concesións ao abeiro do artigo 17.2 da LXS.

II. Segundo dispón o artigo 15.1 da LXS:
Son obrigas da entidade colaboradora:
a) Entregar aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención e no convenio subscrito coa entidade concedinte.
(...).
c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte da subvención e, no seu caso, entregala xustificación presentada polos beneficiarios.
(...).


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Fecha y Hora | 15/02/2024 12:58:31 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W3WIYBLWYRBBOYVPW6RDFBY | Página | 21/25 |

Así mesmo, no artigo 16 da citada LXS, establécese, entre outros extremos, o contido mínimo dos convenios de colaboración entre o órgano administrativo concedinte e a entidade colaboradora. Con todo, sendo un artigo non básico na materia, en virtude do establecido na disposición adicional primeira da dita lei, resulta de aplicación preferente o artigo 13.2 da LSG, consonte ao cal:

O convenio de colaboración conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

(...).

i) Prazo e forma da presentación da xustificación das subvencións achegada polos beneficiarios e, no caso de colaboración na distribución dos fondos públicos, de acreditación por parte da entidade colaboradora da entrega dos fondos aos beneficiarios.

Pois ben, segundo a cláusula oitava do convenio de colaboración formalizado entre a Deputación de Lugo e ACRUGA:

(...).

A Entidade Colaboradora xustificará, ante a Deputación, a entrega de fondos aos beneficiarios das subvencións concedidas, nos termos das bases da convocatoria (base 14.2, en documento anexo).

(...).

A este respecto, a citada base 14.2 establece o seguinte:

(...).

A Conta Xustificativa das subvencións presentarase na Deputación de Lugo coa seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa sobre o cumprimento das actuacións e nivel de logros acadado, incluíndo certificación asinada polo representante de ACRUGA na que se integre unha relación de beneficiarios da axuda e importes pagados. Nesta memoria incluirase o número de peticións existentes, as validadas e as rexeitadas, coa súa correspondente xustificación.

b) Relación clasificada de gastos da actuación subvencionada (beneficiario, nif, relación de animais, importe, data de alta do animal na explotación, data de inscrición desa femia no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega) coa data de pagamento aos beneficiarios.

c) Documentos acreditativos (transferencia bancaria) do pagamento aos beneficiarios, debidamente selados pola entidade bancaria.

d) Declaración responsable do titular ou do representante da entidade colaboradora (ACRUGA) conforme a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

e) Declaración responsable do titular ou do representante da entidade colaboradora (ACRUGA) de non ter solicitado nin concedidas outras subvencións públicas para o mesmo obxecto ou actividade.
f) Declaración responsable da existencia, no lugar onde radique a instalación da entidade beneficiaria do cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado gratuitamente pola Deputación Provincial. Tamén se debe colocar cartel identificativo e acreditarse na sede de ACRUGA, indicando a condición de entidade colaboradora neste eixe de fomento.
g) Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismos correspondentes, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma), Seguridade Social, e Deputación Provincial por parte de ACRUGA.
h) Declaración responsable de non ser debedor por Resolución de procedemento de reintegro, da entidade colaboradora.
i) Certificación da conta bancaria expedida pola entidade bancaria a que se transferirá o importe dos fondos xestionados e xustificados pola ACRUGA en relación con esta acción de fomento.
(...).
A documentación achegada pola entidade colaboradora, que obra no expediente, correspóndese coa esixida na Base 14.2 recentemente transcrita. Con todo, cómpre ter en conta as seguintes consideracións:
1ª.- A conta xustificativa obxecto deste informe deriva, como se viu, do cumprimento, por parte da entidade colaboradora, da obriga establecida no antes transcrito artigo 15.1.c) da LXS, de xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte da subvención.
Polo tanto, e a pesar de que na citada Base 14.2 se fai referencia á conta xustificativa das subvencións, ao meu xuízo, non se rexe polo establecido: no Capítulo IV do Título I da LXS; nas seccións 1ª e 2ª do Capítulo II do Título II do RLXS; no Capítulo IV do Título I da LSG; nin no Capítulo V da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.
Réxese, entón, polo disposto: nos citados artigos 15.1.c) da LXS, e 13.2.i) da LSG; na cláusula oitava do convenio de colaboración subscrito entre a Deputación de Lugo e a entidade colaboradora, no que se regulan as condicións e obrigas asumidas por esta; e na Base 14.2 das reguladoras das subvencións que nos ocupan; non séndolle de aplicación, polo tanto, os requisitos establecidos para a conta xustificativa dos beneficiarios nas normas citadas no parágrafo anterior.
En relación con esta última (Base 14.2), cómpre ter en conta o disposto no artigo 22.1 da LXS, segundo o cal:

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. (...).
Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puideran derivarse da capacidade de auto organización das Administracións Públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte por un órgano colexiado a través do órgano instrutor. A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.
Excepcionalmente, sempre que así se prevea nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.
Do artigo transcrito despréndese que as bases reguladoras, neste caso a Base 14.2, é o eixe en torno ao que xira a xustificación da entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte, tanto en subvencións en réxime de concorrencia competitiva, como non competitiva, ao abeiro do disposto no último parágrafo do dito artigo 22.1 LXS.
2ª.- Tal e como se reflicte no conxunto da documentación que constitúe a acreditación da entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedinte da subvención, efectuouse a entrega dos mesmos aos beneficiarios por 1.034 animais elixibles, a 193,42 € por cabeza, o que supón un importe total de 199.996,28 €.
Polo tanto, as contías das axudas, tanto individuais como en conxunto, adáptanse aos requisitos establecidos na Base 5, das reguladoras das subvencións, segundo a cal:
A contía global destinada a esta actuación incluída no orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o período 2019-2022 ascende a 800.000,00 €, correspondendo a cantidade de 200.000,00 € para cada unha das anualidades.
A cantidade da axuda por femia inscrita no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega será estipulada por anualidade, unha vez rematado o ano natural, en función do orzamento aprobado para cada anualidade e o número total de animais que cumpran as condicións de elixibilidade, en cada ano natural, establecéndose unha cantidade máxima a percibir por animal elixible de 500 €. O reparto realizarase segundo o previsto na base segunda (o importe anual da subvención dividirase e repartirase entre os beneficiarios, mediante a correspondente operación matemática en función das femias reprodutoras da raza bovina pura Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza).

III. Consonte á Base 15 das reguladoras das subvencións, relativa ao pago da subvención:
(...).

O pago da axuda á entidade colaboradora (ACRUGA) realizarase mediante transferencia bancaria, previa entrega da conta xustificativa e informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa, conforme ao previsto no apartado 14.2 precedente.
Pois ben, tal e como quedou exposto no último parágrafo do antecedente terceiro deste informe, a conta xustificativa achegada pola entidade colaboradora (ACRUGA) foi aprobada por Decreto do 28 de decembro de 2023.

Tendo en conta o ata aquí exposto, e resumindo, infórmase á Xunta de Goberno, en cumprimento do establecido no artigo 15.1.c) da LXS, e na cláusula oitava do convenio asinado coa entidade colaboradora (ACRUGA), que esta xustificou axeitadamente a entrega dos fondos aos beneficiarios das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2022; xustificación que, por outra banda, foi aprobada por resolución da Presidencia do 28 de decembro de 2023.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

**8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**